



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 4000

Fax: 981 71 50 28

sede.ponteceso.gal

CIF:

P1506900H

REL. : 01150682

## **BANDO SAN XOÁN 2022**

D. Xosé Lois García Carballido, alcalde do Concello de Ponteceso(A Coruña), ao amparo da atribución que me confire o artigo 21.1 e) e 84 da LBRL, así como as competencias contempladas no artigo 7 da Lei 3/2007 do 9 de Abril,.

Comunicolles as normas que rexerán no concello de Ponteceso a noite do 23 de xuño, noite de san Xoán, a todas as persoas que vaian facer cachelas:

1. Deberán montar as cachelas en lugares despexados que estean a un mínimo de 15,00 m de vivendas e árbores.

A zona de combustión da cachela terá como máximo 4,00 m de diámetro e 2,00 m de alto.

As persoas participantes deberán concentrarse a 4,00 m de distancia respecto ao perímetro exterior da cachela.

2. O material de combustión será leña, pólas, toro de árbores e madeiras vellas.

Queda prohibido queimar pneumáticos, plásticos, espuma de poliuretano, aceites, substancias que desprendan fume tóxico nin recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (spray) aínda que estean baleiros.

Queda prohibido montar cachelas debaixo de tendidos eléctricos, de telefonía, etc.

Queda prohibido montar a cachela en solo de dominio público pavimentado, con aglomerado ou preparado de calquera xeito que se poida danar co lume.

4. As persoas interesadas en montar unha cachela deberán solicitar autorización e vixiar o lume ata que estea totalmente apagado. Para asegurar que o lume queda apagado, empaparán a cinza con auga.

4. As persoas con autorización para montar as cachelas deberán coidar os arredores e coñecer o número de Emerxencias (112) e o de Incendios (085). Ademais, terán preto do lume unha manguera ou auga en recipientes.

5. Incumprir estas normas suporá sancións administrativas.

6. As persoas interesadas en montar unha cachela deberán presentar a solicitude de autorización no Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica do Concello, antes das 14.00 h do 23 de xuño de 2022

A autorización para montar a cachela non exime das responsabilidades por danos o u perdas que procedan no caso de incendio cando concorra negligencia, imprudencia ou incumprimento das normas de prevención ditadas.

Ponteceso, 1 de Xuño de 2022

O Alcalde